



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Á sombra inquietante da guerra

Benqueridas amigas e amigos destas páxinas: cústame compartir convosco o sentimento de me sentir en tempos e aires pascuais e, ao tempo, saber que a guerra está aí, causando destrución e morte, enfrontando pobos, cubrindo de mourén tantos soños e esperanzas. Quizais por iso mesmo debemos volver ao pensamento de que as nosas Pascuas sempre son, polo de agora, Pascuas relativas, agardando a grande e definitiva Pascua que será sabe Deus cando, pero que será. E iso que este ano a celebración da Pascua, e con ela os seus precedentes da Semana Santa, estivo, despois de dous anos, libre de limitacións sanitarias maiores, con bastante bo tempo e coa ilusión de que a Covid-19 poida estar, se non vencida, si controlada.

Emporiso por aquí andamos, tentando buscarlle algunha cara positiva a este enredo infernal e abrindo os ollos para poder entender as claves do que está a pasar. No primeiro, no posible positivo, poderíamos apuntar que a experiencia desta guerra, que aínda que non é nosa, tanto nos afecta e afectará, poderíanos abrir os ollos e os corazóns para nos decatar da presenza doutras guerras, abondas!, que levan anos e anos de práctica destrutiva, pero para as que case nin sequera temos memoria. Preguntémonos, se non, de cantos países actualmente en guerra no mundo saberíamos dicir o nome. De cantos? Está claro que hai guerras de primeira, de segunda e de terceira.

Para a nosa guerra, que é guerra de primeira, si, estamos suscitando, vendo, compartindo vagas de solidariedade, desde o

subministro de material bélico a Ucraína –que triste maneira de contribuír á paz!– ata a acollida indiscriminada de millóns de refuxiados, ofertando vivenda, medios de vida, promesas de traballo, convivencia, esperanza. Tamén aquí esta potente experiencia solidaria poderíanos axudar a abrir ollos, corazóns e portas a outra moita xente refuxiada que non é atendida por nós, porque o son de segunda ou de terceira categoría.

Estamos estreando maio –ai, o maio de flores cuberto da nosa cantiga!– cando empezo esta crónica, e a guerra está aí coa súa presenza inquietante. Certamente pode dar en calquera cousa, e das peores. O relato bélico que seguimos nós, está claro que é un relato condicionado pola visión e polos intereses dunha parte do conflito. O cal abonda para que pensemos que hai claves e lecturas que se nos escapan. Coido que debiamos estar á espreita doutros relatos complementarios que nos poderían axudar a repartir inocencias e culpabilidades.

Con Ucraína e a mesma Rusia, toda a Unión Europea será a gran prexudicada. O

tempo iranos dicindo quen van ser os grandes beneficiados. Polo de agora podemos contar con que nós, con toda a Unión Europea cando menos, sairemos escaldados desta liorta, cunha economía á baixa. Sería a hora de pensar nese decrecemento benquerido como solución xa non só para as consecuencias desta guerra, senón tamén para o conxunto do sistema capitalista no que estamos enredados; ese decrecemento do que bos analistas nos veñen falando desde hai ben anos sen que as súas voces reciban o noso crédito. O peor quizabes deste decrecemento que virá, que xa está vindo, é que sexa malquerido, desordenado, de xeito que unha vez máis a xente de menos poder e recursos pandará coas súas consecuencia máis acedas. E ao lonxe, ou non tan ao lonxe quizais, o fantasma de alternativas políticas e sociais de corte autoritario que están ameazando democracias que criamos consolidadas.

2.- O decálogo da democracia

E daquela vén ao caso lembrar aquí unha comunicación que o presidente da CEE, Juan

José Omella, tivo como discurso inaugural do II *Congreso Iglesia y Sociedad Democrática*, organizado pola Fundación Paulo VI e celebrado en Madrid os días 9 e 10 de marzo pasado. Un congreso no que, para matinar sobre o lema «*El mundo que viene*», desenvolvéronse cinco coloquios entre políticos, empresarios, sindicalistas, educadores e pensadores, coloquios celebrados entre persoas de diferente pensamento.

Coido que é ben interesante que se faciliten encontros, e deste xeito, entre persoas de diferente criterio e acción, onde se debata civilizadamente todo tipo de cuestións, desas que realmente afectan o diario vivir e convivir, e facer este exercicio para abrir fendas de luz no escuro clima de crispación no que con tanta facilidade todos nos metemos.

Pois iso, Juan José Omella nesa charla de apertura presentou un «decálogo para recuperar unha sa democracia ao servizo da dignidade da persoa e do ben común da sociedade». Dicur «recuperar» significa recoñecer xa que dalgunha maneira e nalgunha medida a democracia se

nos foi das mans da convivencia diaria, e ben que iso é así. Moi resumidos estes son os enunciados do dito decálogo:

1. Non hai democracia que dure no tempo sen unha boa política e uns bos políticos.
2. Non hai democracia se non hai xustiza social.
- 3., A democracia morre cando deixa de promover unha economía ao servizo das persoas.
4. A democracia é complexa, require participación, implicación, esforzo, paciencia de todos.
5. Os medios de comunicación son vitais nunha democracia.
6. Unha sa democracia non enfronta, promove a cooperación do sector público co privado.
7. Unha sa democracia que queira perdurar no tempo debe esforzarse por facer que as persoas de diferente idea non se vexan como inimigos competidores, senón como irmáns.
8. Necesitamos unha democracia que descubra o diálogo, a escoita, a reflexión sosegada.

9. Unha democracia morre se non mira pola mocidade e pola xente máis maior.
10. A democracia debe respectar os dereitos fundamentais, entre eles o da liberdade relixiosa.

Paga a pena, abofé, e faise urxente ter ben en conta este decálogo. E moi nesa liña de ir potenciando o encontro, o diálogo, con propostas solidarias, tamén tiveron mérito as palabras do mesmo Omella, neste caso dentro dun encontro de empresarios católicos celebrado en Santiago de Compostela o 1 de abril pasado. O Ano Xubilar Compostelán facilitou que a Igrexa compostelá organizase este encontro no que participaron máis de 200 persoas, e no que, coa Doutrina Social da Igrexa como referencia ideolóxica, ademais de Juan José Omella, tamén participaron o arcebispo compostelán Xulián Barrio, como anfitrión, Xoán Manuel Vieites, presidente da Confederación de Empresario de Galicia, Joseba Segura, bispo de Bilbao, e Stefano Zamagni, presidente da Academia Pontificia de Ciencias. De fondo estaba o mandamento terceiro

do decálogo comentado máis arriba: «A democracia morre cando deixa de promover unha economía ao servizo das persoas». Canto cómpre remexer aínda para que as cousas cheguen a ese punto!

3.- Petición de perdón que cómpre meditar

O mesmo 1 de abril, mentres en Santiago falaban e debatían en congreso os empresarios católicos, o papa Francisco compartía presenza e palabra, ideas e sentimentos con algunhas asociacións de indíxenas canadenses que, acompañados por varios bispos do seu país, estiveron uns días por Roma; foran ao Vaticano co pesar, coa indignación inmensa que lle producira o feito de que desde a segunda metade do s. XIX e ata o mesmísimo 1998 (!) miles e miles de picariños/as foran separados dos seus pais para ser internados en escolas católicas coa «dignísima» intención de desapegalos da súa cultura e enchoupalos da cultura occidental. Disque dos 150.000 que pasaron por eses centros, máis de 4.000 picariños morreron nese tempo por mor do frío,

fame, enfermidades varias. Para máis escarnio, nos arredores dos tales colexios apareceron fosas comúns onde xacían os restos de moitos deles. Desapareceron nenos/nenas, houbo abusos sexuais, despezos...

Realmente indignante. O papa pediulles perdón. Fíxoo despois de lles dedicar un amplo e cálido discurso, no que puxo en valor o mérito e significado da cultura indíxena, e mesmo as leccións que esa cultura nos dá a quen nos cremos máis adiantados por modernos. Paga a pena ler e meditar ese discurso, que doadamente podes atopar en Google, porque –e tamén o subliñou o Papa– a actitude colonialista segue moi presente no noso mundo, aínda que ás veces se desenvolva con formas máis sofisticadas, máis disimuladas.

Coido que a eses feitos e ese discurso tamén lles podemos ofrecer recepción en clave galega. Recoillo este parágrafo que moito pode revolver memorias e quizabes ata conciencias, se o pensamos coa nosa particular historia na man.

«Arrepía pensar no desexo de inculcar un sentimento de infe-

rioridade, de facer que alguén perda a súa identidade cultural, de cortar as súas raíces, con todas as consecuencias persoais e sociais que isto supuxo e segue supoñendo: traumas non resoltos que se teñen convertido ao tempo en traumas interxeracionais. (...) Todo iso é contrario ao Evanxeo de Xesús».

Non foi algo así o que se operou entre nós, en Galicia, desde o século XVI ata o presente? Sen chegar aos extremos canadenses, non houbo a mesma vontade de desarraigarnos, de roubarnos a nosa fala e cultura propia por indigna, por atrasada, por paifoca? Non xogou a Igrexa un triste papel neste nefasto empeño? Non foron as institucións eclesiásticas, seminarios, conventos e mosteiros maiormente –con puntuais excepcións en lugares e tempos– espazos privilexiados de desarraigo, co agravante de que, a diferenza do papa, todo se envolvía coa mensaxe de que iso si cadraba co Evanxeo de Xesús? Pero non seguimos nas mesmas en boa medida? Témoslle acaso pedido perdón ao pobo galego por iso? No fondo temos subvertido as prácticas?

O papa falou de devolverlles a visita no mes de xullo, para alí, en Canadá, no espazo xeográfico e sentimental dos seus hóspedes, poder retomar con máis paixón e tenrura, se cabe, o expresado e vivido en Roma.

4.- As viaxes dun papa con achaques

O papa Francisco anda frouxo, non está para moitos trotes. Oitenta e cinco anos xa van sendo anos; a «*sollicitudo omnium ecclesiarum*», a tensión interna que sacode a Igrexa por mor en boa medida do rexeitamento sistemático da súa maneira de entender a presenza e vida da mesma por unha parte reducida pero moi belixerante da catolicidade (léase, para ben entender isto en forma e fondo, o interesante libro de Massimo Borghesi aparecido en febreiro deste ano *El desafío de Francisco*, Ediciones Encuentro), e o seu particular físico, cos seus problemas de xeonllos, todo se vai amoreando e poñéndolle impedimentos para poder facer o que ben quixese. A maioría de nós, tendo esa idade e esas doenzas, estaríamos reclamando xubilación e buscando

despegarnos de toda cousa preocupante, para vivir a vellez e morrer tranquilamente.

Hai quen protesta contra esta resistencia numantina dos papas –e como eles tamén outros moitos clérigos–, argumentando que non é normal e si contraproducente que unha institución coma a Igrexa *sempre reformanda* deba estar adoito nas mans de xente tan maior, mesmo argüíndo que estamos pecando de falta de humanidade. Si, poida que non lles falte razón, pero a quen isto escribe o que lle sae de primeiras é un profundo respecto e agradecemento a este papa, e tamén a outros anteriores, que malia todo iso, están tirando do carro con clarividencia e enerxía pouco compatibles coa senectude e si cunha fonda vinculación co Espírito.

O noso agradecemento, logo, e tamén a nosa comprensión, cando limita as súas viaxes (todo indica que non vai haber viaxe a Santiago) e cando as escolle en función de criterios limpamente evanxélicos, é dicir, coa ollada posta as máis das veces nos últimos, aqueles que por mandato evanxélico

deben ser os primeiros (cfr. Mt 20, 16): o 2-3 de abril en Malta, Líbano en xuño, República Democrática do Congo e Sudán do Sur do 2 ao 7 de xullo; logo a Kazaxistán, onde os días 14-15 de setembro se celebrará o VII Congreso Mundial de Líderes de Relixións Mundiais e Tradicionais. A voz do papa, as súas viaxes, son un recordatorio permanente que nos empuxan a saír, a erguer os ollos e os corazóns, a decatarnos de que hai máis mundo e problemas ca os que nos quitan o sono a estes occidentais ás veces, si, con verdadeiros dramas ao lombo, pero ás veces tamén algo mal afeitados e caprichosos, que nos cremos o embigo do mundo para todo.

E, volvendo á viaxe de abril pasado a Malta, un pequeno país de medio millón de habitantes, subliñar o discurso directo, interpelante, pronunciado na Cámara do Gran Consello, referíndose claramente a problemas do país: «A honestidade, a xustiza, o sentido do deber e a transparencia son piares esenciais dunha sociedade civilmente desenvolvida. Que polo tanto o compromiso para extirpar a ilegalidade e a corrupción sexa forte coma o

vento que, soprando desde o norte, varre as costas do país» (Que nos podería dicir a nós en España nunha hipotética viaxe ao noso país!). Falou, por suposto da emigración, lembrando o desembarco accidentado de Paulo de Tarso e laiou de que hoxe en Europa troquemos a acollida por invasións bélicas.

No encontro de oración do santuario mariano de Ta'Pinu, en clave directamente relixiosa, entre outras cousas, advertiu que «ás veces a andamiaxe pode ser relixiosa, pero detrás dese revestimento a fe envellece», ou que «é necesario vivir para que as prácticas relixiosas non se reduzan á repetición dun repertorio do pasado, senón que expresen unha fe viva, aberta, que espalle a ledicia do evanxeo».

E nun encontro con xesuítas malteses, preguntado por como ve a Igrexa do mañá, pronunciaria aquelas palabras que se farían virais, retomando case as mesmas apostas proféticas do daquela teólogo Ratzinger, cando nos anos 70 do século pasado anunciaba unha Igrexa pobre, reducida en número, moito máis insignificante social-

mente. Unha Igrexa, repite agora o papa Francisco, «que se volverá máis pequena, que perderá moitos privilexios, será máis humilde e auténtica e atopará enerxía para o esencial. Será unha Igrexa máis espiritual, máis pobre e menos política: unha Igrexa da xente pequena». Oxalá nesas andemos.

5.- *Predicate Evangelium*

Parece que estas dúas palabras valerían máis para un lema misionero ca para intitular unha constitución apostólica; un texto moi amplo –250 artigos– destinado a presentar a tan agardada reforma da curia do Vaticano. Niso estivo traballando desde outubro de 2013 un equipo de 9 cardeais, sempre presididos polo mesmo papa Francisco, que chegaron a xuntarse ata en 31 ocasións durante este tempo. Publicouse por fin o día de san Xosé, 19 de marzo, e entrará en funcionamento o 5 de xuño, coincidindo coa festividade de Pentecoste. As datas evidentemente non foron escollidas ao chou. O pai protector de Xesús e de toda a Igrexa precisa do Espírito para convertela en fogar de

esperanza para a humanidade. E o título quere transmitir a intención de que todo cando se faga e reforme, teña por destino facer máis próximo e eficiente o anuncio do evanxeo.

A constitución apostólica substituirá a *Pastor bonus*, publicada polo papa Xoán Paulo II no ano 1988. Invítasenos a lela e a rezala para entrar na súa particular graza para o conxunto da Igrexa. De momento ofrécesenos como un axeitado instrumento de evanxelización, coma unha maneira de ordenar mellor a maquinaria eclesial central, para que potencie o traballo de base que en cada recanto do mundo se poida estar facendo. Insisten os analistas en afirmar que se quere borrar esa imaxe dunha curia con grandes poderes, que practicamente absorbe a lexítima autoridade dos bispos e incluso a do mesmo papa, e no seu canto erixir un ben concienciado equipo de servidores que lle faciliten o traballo a ambos: o papa e os bispos. Menos centralismo, polo tanto, máis autonomía dos bispos e conferencias episcopais, e equipos de xente en Roma que protexan conxuntamente a uni-

dade e a catolicidade. Certamente, por tradición secular e inevitables tics funcionais, non vai ser tarefa doada.

Chama tamén moito a atención que no texto se contemple a posibilidade de que á fronte de calquera dos dicasterios (algo así como ministerios) da curia romana, como prefecto ou titular dese ministerio poderá estar calquera home ou muller, clérigo ou non clérigo; e iso é así porque a súa potestade considerárase unha potestade vicaria; é dicir, unha potestade recibida do mesmo papa e non derivada da súa propia condición clerical. Un argumento que pode soar a algo artificial, pero que se presta para abrir importantes portas nos servizos de «mando» na Igrexa, que non van estar, como ata o presente, supeditadas sempre ás ordes sagradas. Isto pode chegar a ter importantísimas consecuencias eclesiais.

É significativo tamén que se cree un novo dicasterio, o da Caridade, que, xuntamente co xa instituído polo actual papa, o dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral, tentará poñer máis

aínda en primeira liña a dimensión solidaria como constitutiva da identidade eclesial. E tamén chama moito a atención que o propio papa se reserve para si mesmo a prefectura do dicasterio para a evanxelización, por aquilo, disque, de que o papa é o gran promotor de evanxelización en todo o seu falar e facer.

Hai quen dubida de que as reformas, por máis que parezan ofrecer aspectos ben positivos, poidan engraxar co óleo do Espírito unha engrenaxe secular, con moitas peaxes ao lombo. Os acenos en xeral son de querer introducir en toda esta pesada estrutura un aire sinodal de escoita, de atención, de respecto a particularidades, de resolucións compartidas. O tempo e o imprescindible empeño subseguinte por parte de cantas persoas facemos a Igrexa, fará posible o que de primeiras non o parece tanto.

6.- A escola católica e a cultura do diálogo

Un documento romano máis, este un pouco anterior ao que acabamos de comentar: presentouse xa o 19 de marzo, cando se anunciaba o anterior. Leva

por título *A identidade da escola católica para unha cultura do diálogo*. O título é significativo e indica ás claras as dúas preocupacións que ocupaban a mente do organismo que lle deu luz, a vaticana Congregación para a Educación Católica, que coa nova organización da Curia quedará englobada no Dicasterio para a Cultura e a Educación. O documento ten a súa orixe nun Congreso Mundial organizado pola mesma Congregación en Castel Gandolfo en 2015 sobre *Educación hoxe e mañá. Unha paixón que se renova*. Consta dunha introdución e tres capítulos: 1.- As escolas católicas na misión da Igrexa. 2.- Suxeitos responsables de promover e verificar a identidade católica. 3.- Algúns puntos críticos.

A Congregación seguiu traballando no tema, vista a «necesidade dunha maior conciencia e consistencia da *identidade católica* das institucións educativas da Igrexa» (n. 1), e con este escrito ofrece unha «ferramenta sintética e práctica sobre o asunto» (n. 7).

Revisar, retomar a identidade da escola católica –por

escola católica enténdese aquí calquera tipo de centro formativo, desde unha humilde escola infantil á máis prestixiosa universidade– e facelo desde un especial desexo de convertela en espazo onde reine a cultura do diálogo, é o gran reto que se propón. Son considerables as dificultades para atinar coa identidade da escola católica e sobre todo para poder expresala no diario acontecer da convivencia educativa, nos variados campos e aspectos da mesma, coas diferentes persoas e roles que se desenvolven en toda a armazón educativa.

A xestión da actividade escolar está hoxe frecuentemente en mans de persoas segres, supostamente identificadas co carisma de cada centro; os centros están atendidos por un profesorado que sabe onde entra, pero que non en todo se pode sentir identificado co ideario do centro; ás veces as necesidades urxentes dun profesorado específico e competente pode condicionar outros aspectos; o alumnado –crianza con proxenitores– pode escoller libremente o centro, pero tamén pode asistir ao mesmo condicionado

por criterios administrativos. Todos estes factores e outros máis que poden aparecer, fan que non resulte doado atinar co punto de identidade católica, que loxicamente terá como referencia básica «ulir a evanxeo» a través das diferentes estruturas, accións, decisións concretas que no centro se tomen a calquera nivel. A preferencia polos últimos, pola xente envolta en pobreza, está chamada a ser unha das notas desta identidade. E o mesmo se pode dicir do respecto exquisito polos dereitos laborais de calquera traballador do centro.

En si, dados os diferentes actores, iso implica necesidade dun diálogo interno, unha tarefa compartida, unha sa pluralidade dentro do respecto ao considerado nuclear. Diálogo tamén aberto a fóra, sendo o que un é con capacidade de escoitar, respectar e mesmo de compartir propostas alternativas. A identidade non pide pecharse e menos converterse en símbolo de integrista; demanda, si, capacidade de dicirse a si mesmos, sen vergonza, pero tamén disposición a escoitar, comprender e mesmo acoller alteridades.

Parécenos importante este documento, nado da cultura do encontro coherente cunha Igrexa en saída, temas nos que o papa ten insistido significativamente. Tamén aquí o talante eclesial pode ser outro e por ese outro talante se aposta. Parécenos moi acertado que a Escola Católica se empeña niso, dado por unha banda o atractivo que suscita entre moitas familias e alumnado, e tamén, todo hai que recoñecelo, o rexeitamento, a protesta que suscita ante calquera suposto privilexio. Por outra banda, os colexios católicos, xunto coas parroquias, familias e certos movementos relixiosos, poderían converterse nun dos lugares máis determinantes para a transmisión da fe nunha sociedade en recesión relixiosa institucional.

7.- Fai memoria

Fai memoria (*Haz memoria*) é unha iniciativa da CEE, coa que durante doce semanas pretende «traer á nosa memoria o que é a vida da Igrexa nos máis variados ámbitos do seu traballo diario». Así durante 12 semanas, que empezaron o luns 4 de abril, «queremos dar

a coñecer o traballo de centos de milleiros de persoas que, desde o seu compromiso cristián, entregan o que teñen para o ben de todos: o seu tempo, as súas capacidades, os seus donativos, os seus bens..., mesmo a súa vida enteira», conscientes de que «fai máis ruído unha árbore que cae ca unha fraga que medra». E con este convencemento, «Ofrecemos o rostro vivo da Igrexa que serve para vivir e vive para servir».

Educación, Relixiosidade, Familia e Vida, Traballo, Liturgia, Migracións, Catequese, Misións, Leigos, Maiores, Labor social, Mocidade, son os 12 campos escollidos, cada un deles cun breve vídeo de presentacións e co testemuño de tres/catro persoas que dalgunha maneira participan na acción.

Pareceunos unha iniciativa sinxela, pero interesante, porque son realidades e persoas que escasamente saen nos medios, con voces e vidas que non se coñecen nin escoitan, pero que en verdade son a cara máis auténtica da Igrexa, ese remol que dá esperanza cara a un futuro tan incerto. A maiores avívanos sentidos e senti-

mentos para que, pensando en Igrexa, deixemos de fixarnos primordialmente en figuras de mitra e báculo, ou en feitos escandalosos e incoherentes, que os hai, e reparemos neses santos e nesas santas da porta do lado, nesa Igrexa da porta do lado, e lles deamos entrada na nosa existencia como vidas que interpelan e alentán.

E pensando niso quero traer aquí algúns parágrafos polo menos, dun breve escrito do 9 de maio, compartido amigablemente, no que Xaquín Campo Freire facía homenaxe a un funcionario da prisión de Bonxe, Lugo. Dionisio, o educador, no momento da xubilación deste, moi na liña da iniciativa comentada máis arriba. Así, da primeira entrevista con el, comenta:

«Impresionoume. Vin un home baixo, activo, moi interesado polos internos e polas familias. Percibín nel unha grande utopía a favor de persoas necesitadas de apoio e axuda. Deixaba entrever un gran equilibrio interior. Desprendía empatía. Era un home seguro. Culto e ben formado. Falaba de persoas, polo seu nome, sen etiquetar a ninguén. E con moita

esperanza. Había que dotar o módulo. O importante era crear un auténtico «Módulo de respecto». Crear unha biblioteca. Manualidades. E moitas actividades. Darlle sentido ao tempo. Para min todo novo.

E tamén vin nel uns ollos coma sen durmir e non sei se chorosos. Do que si me dei conta moi axiña foi de que ao tal Dionisio doíalle a alma. Non sabía por que. Non proxectaba no traballo os seus fondos pesares. Pero aquel home sufría calada e intensamente por dentro. Decidín facerme amigo del e el consentíame ser seu amigo. E deixoume acompañalo como amigo. Foron tempos moi difíciles. Grazas, Dionisio».

E comenta así o Xaquín unha circunstancia xurdida posteriormente:

«Un día díxome: Sería ben que, se podes, pasases pola Unidade de Custodia do Hospital CHUAC. Temos alí un interno que non ten a ninguén. É africano. Se podes vaino ver. Foron seis meses para min dun auténtico regalo. Unha graza de Deus. Incluídos os policías de garda, aos que eu antes tamén vía moi distantes. En Pastoral Penitenciaria debémosche o axudarnos a encontrar cal é a forma

e o sentido da nosa presenza no cárcere. Tamén nas Romaxes, no Boletín «Mar Aberto» e moitas máis orientacións. Ti sempre estiveches aí. «Grazas, Dionisio.»

E seguen máis cousas preciosas nese escrito. Dionisio por Xaquín, Xaquín por Dionisio, dúas figuras, dúas vidas, dúas historias que constrúen Igrexa e sociedade de esperanza. E así centos e milleiros delas, que lamentablemente moitos descoñecemos.

8.- Despedida

Corto por hoxe, logo, esta crónica. É o día do san Cidre cando o fago, o día da xente da aldea, da que me sinto habitante orgulloso. Onte, na parroquia de Xil (Meaño), duascenas persoas de diferentes lugares de Galicia, todas aldeás, celebrabamos o día co lema de *Aire, auga e terra limpas*. Foi un día sinxelo, fermoso, dos de namorarse da aldea, dos de doerse da súa fragilidade e dos de empeñarse en arrimar o lombo, desde a sociedade e desde a Igrexa, para recuperar ese espazo vital, tan importante en Galicia por historia,

por realidade presente e por posibilidades de futuro. Nesas andamos. Ao abeiro dese santo mozárabe, labrego e poceiro (*zahorí*), Cidre, Isidro ou Isidoro (c. 1082-1130), casado con María da Cabeza, da que tivo un fillo, Illán, moi maltratado polas lendas, pero que en esencia soubo traballar a terra como xornaleiro e, ao tempo, coidar unha experiencia relixiosa cristiá fonda co formato propio daqueles tempos, no *Mayrit* musulmán (ai, se me oe a Ayuso!) que lle tocou vivir.

Xustamente neste ano cumprense 400 da súa canonización o 12 de marzo do 1622. E por esa razón a Igrexa madrileña moveuse para poder celebrar un ano xubilar, que enxalce a figura de san Cidre, e que –que

ben que así fose!– nos esperte cara á realidade desa España baleirada, que tamén se vai alongando ata moitas bisbarras da Galicia interior, que xeme e clama por un futuro ao nivel das súas grandes posibilidades.

E máis nada. Que acabe a guerra axiña! Que gocemos dun bo verán de traballo, lecer e descanso, segundo casos e tempos! Que nos alegremos coas festas parroquiais, que tanto nos precisan! Que nos fortalezcamos cos encontros que o verán propicia! E que poidamos sentir a compañía maior de Deus, Pai e Nai sen diferenzas nin exclusións, que gustoso fai vida e historia connosco! E ata as colleitas do outono. Abur.

Manuel Regal Ledo